



Nota de prensa

IV Edición do Observatorio de Innovación en Gran Consumo

**PREMIO Á INNOVACIÓN PARA EROSKI POLA
PUBLICACIÓN PIONEIRA DE DECLARACIÓNS
AMBIENTAIS DE PRODUTO DE MARCA PROPIA**

- O proxecto de EROSKI foi recoñecido como unha das vinte innovacións máis destacadas do sector no 2020
- A comezos do ano pasado EROSKI converteuse na primeira cadea de distribución de gran consumo en publicar as declaracións ambientais do seu leite e ovos do País Vasco de marca propia
- Para a consecución destes certificados EROSKI colaborou cos seus produtores SAT Valle de Karrantza, Lácteos de Santander, Euskaber e o Basque Ecodesign Center

Elorrio, 24 de marzo do 2021.- O [Observatorio de Innovación en Gran Consumo España](#), elaborado anualmente polo Institut Cerdà, seleccionou o proxecto de EROSKI de implantación pioneira da declaración ambiental de produtos de marca propia como unha das vinte innovacións máis destacadas do sector no 2020.

A comezos do ano pasado, EROSKI converteuse na primeira cadea de distribución de gran consumo en publicar as declaracións ambientais do seu leite e ovos de marca propia producidos no País Vasco, verificadas polo programa AENOR GlobalEPD, conforme a Regras de Categoría de Produto (RCP) emitidas polo Programa International EPD System.

As declaracións desenvolvéronse en colaboración cos seus produtores de ovos campeiros do País Vasco, [Euskaber](#), e de leite do País Vasco, SAT Valle de Karrantza, e o seu envasador Lácteos de Santander, xunto co [Basque Ecodesign Center](#). O leite EROSKI País Vasco conta co selo de Produto Lácteo Sostible do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e os ovos frescos EROSKI Natur proceden de galiñas campeiras criadas en granxas onde se poden mover ceibas e con acceso ao aire libre.

“As declaracións ambientais son unha garantía para que os nosos clientes teñan unha información ambiental moi completa sobre o produto e así poidan tomar decisións racionais á hora de configuraren a súa cesta da compra. Ademais, aos produtores permítelles coñecer polo miúdo os impactos ambientais dos seus produtos e facilítalles así identificar puntos de mellora prioritarios para aumentaren

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online



a sustentabilidade dos seus produtos. Este recoñecemento, sen dúbida, pon en valor o noso compromiso coa transparencia informativa cara ás persoas consumidoras e cun modelo alimentario sostible”, explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

Anualmente, a través do Observatorio da Innovación en Gran Consumo, o InstitutCerdá persegue dar a coñecer os principais retos que afronta o sector e cales son os proxectos máis innovadores implantados ao longo do ano para lles dar resposta a eses desafíos.

Transparencia para un consumo responsable

A publicación destas declaracións ambientais de produto enmárcase no compromiso de EROSKI a prol da transparencia e da formación do consumidor para que leve a cabo un consumo máis sostible. Dentro deste compromiso, EROSKI ten por obxectivo avanzar no cálculo do impacto ambiental dos seus produtos de marca propia.

Nesta liña, EROSKI inclúe tamén selos de sustentabilidade nos seus produtos de marca propia para garantir que se produciron de xeito máis respectuoso co medio natural, selos que lle facilitan unha elección máis responsable ao consumidor. Así, é a primeira, e polo de agora a única cadea de distribución comerciante polo miúdo en España en superar a auditoría de cadea de custodia do Marine Stewardship Council (MSC) e de GlobalG.A.P. acuicultura, que garanten que o peixe provén, respectivamente, de caladoiros e de granxas sostibles. Ademais, conta con máis de 500 referencias da súa marca de frescos EROSKI Natur, que proceden de produtores con estas certificacións e con outros selos como os de produción integrada ou benestar animal.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online